



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP Plurilingüe Xosé Fernández López**

Rúa Doantes de Sangue, 1- 36400 O Porriño

Correo: ceip.xose.fernandez@edu.xunta.gal

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxosefernandez/>

Teléfono: 886 110433



## **CIRCULAR DE OUTUBRO DE 2024**

### **A TODAS AS FAMILIAS DE ALUMNOS/AS**

Unha vez iniciado o curso escolar 2024/25 e co fin de propiciar a necesaria relación entre os membros desta Comunidade Educativa, poñemos á vosa disposición a seguinte información:

#### **1.- REUNIÓN INFORMATIVAS**

Os martes pola tarde, en horario de 17:00 a 18:00, levaranse a cabo as titorías coas familias para as que será imprescindible concertar previamente cita (pode ser a través da axenda escolar) co/a titor/a ou especialista.

#### **2.- AVALIACIÓN**

Como establece o artigo 10 da orde do 12 de abril de 2024, os centros docentes, facendo uso da súa autonomía, concretarán as datas das avaliación parciais procurando unha repartición equilibrada na duración dos períodos de cada avaliación. Por este motivo, as familias accederán ás cualificacións do alumnado empregando a aplicación **ABALARMOBIL** nas seguintes datas:

1ª Avaliación – 5 de decembro de 2024. 2ª Avaliación – 21 de marzo de 2024.

3ª Avaliación – 20 de xuño de 2024.

Lembramos que tamén poderedes solicitar o boletín en papel avisando con antelación ao titor/a.

#### **3.- HORARIO ESCOLAR**

Durante o curso o horario será de 9:00 a 14:00 horas.

A Aula Madruga funcionará de 7:30 a 9:00, o comedor de 14:00 a 15:30 e a Aula Sobremesa de 15:30 a 16:30.

#### **4.- PERÍODOS VACACIONAIS**

- VACACIONS DE NADAL : do 20 de decembro ao 7 de xaneiro (ámbolos dous incluídos).
- FESTAS DE ENTROIDO: 3, 4 e 5 de marzo.
- VACACIONS DE SEMANA SANTA: do 14 ao 21 de abril (ámbolos dous incluídos).
- DÍA DO ENSINO: 31 de outubro.
- DÍA NON LECTIVO: 2 de maio. (Pendente de aprobación)
- O último día deste curso no que haberá clase será o 20 de xuño.

#### **5.- FALTAS DE ASISTENCIA E/OU PUNTUALIDADE.**

ROGAMOS PUNTUALIDADE porque prexudica o normal funcionamento da actividade lectiva.

Os mestres/as teñen a obriga de levar un rexistro de faltas de asistencia e puntualidade, que recibiredes a través da aplicación **ABALARMOBIL**.

Cando un alumno/a, por calquera motivo, se ausente durante unha xornada escolar, deberedes XUSTIFICAR a falta empregando a axenda escolar.

Do mesmo xeito se un alumno/a precisa saír do centro en horario escolar, deberá facelo co permiso do titor/a e farao sempre acompañado do seu pai/nai ou persoa debidamente autorizada. Ademais a persoa que o recolla/deixe debe cubrir unha folla de rexistro que atoparedes na mesa da entrada do edificio principal.

#### **6.- CONTROL DAS PERSOAS QUE ACCEDEN A O CENTRO.**

De acordo coa orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regula o funcionamento dos Centros de educación Infantil e Primaria, "NON SE PODERÁ ACCEDER AOS ESPACIOS DIDÁCTICO-PEDAGÓXICOS, INCLUÍDOS CORREDORES, DURANTE AS HORAS DE CLASE SEN A DEBIDA AUTORIZACIÓN.

#### **7.-HORARIO DISPONIBLE DO EQUIPO DIRECTIVO. (Deberá ser concertada cita con antelación)**

Directora:

mércores de 12:20 - 13:10

xoves de 10:40 - 11:30

Xefe de estudos:

luns de 9:00 - 9:50

mércores de 9:00 - 10:40

Secretaría:

Martes de 12:20 - 13:10

xoves de 9:50 - 10:40

**8- HORARIO DO ADMINISTRATIVO** de luns a venres de 8:30 a 14:30 horas. TELÉFONO 886 11 04 33

#### **9.- CELEBRACIÓN DE ANIVERSARIOS.**

No centro non se permite o reparto de invitacións de festas de aniversario.

Se queredes que o alumnado comparta cos seus compañeiros/as da aula algún doce/larpeirada/agasallo deberedes contar coa autorización do titor/a e ter en conta que no centro hai alumnado con alerxias alimentarias severas e intolerancias.

**10.- POR CUESTIÓN DE SEGURIDADE NON SE PERMITE O ACCESO ÁS INSTALACIÓNS DO CENTRO CON ANIMAIS DE COMPAÑÍA NIN A CIRCULACIÓN EN MONOPATÍNS, BICICLETAS OU OUTROS VEHÍCULOS.**

O EQUIPO DIRECTIVO.